




Udela

Lectura facilitada
Día das letras galegas 2023



FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

TEXTO SEN ADAPTAR

Francisco Fernández del Riego naceu en Vilanova de Lourenzá, Lugo, o 7 de xaneiro de 1913. Era o primeiro dos once fillos e fillas que tiveron Vicente e Amada.

Os estudos primarios e os primeiros cursos de bacharelato fíxoos en Lourenzá e rematou o bacharelato como interno nun colexio de Monforte de Lemos (Lugo).

Aos dezasete anos Francisco marchou cos seus pais e irmáns a Madrid e matriculouse na facultade de Dereito da Universidade Complutense.


Cando voltou a Galiza rematou os estudos de Dereito, deu clases en dous colexios de Vigo e traballou nun bufete de avogados desta mesma cidade.

Foi un gran traballador polo idioma galego: escribiu en moitos xornais e revistas, fundou a Editorial Galaxia, presidiu a Fundación Penzol, dirixiu a revista Grial, traballou na BBC, emisora inglesa, facendo programas en galego, foi membro da Real Academia Galega e presidiuna durante catro anos, recibiu as Medallas de Ouro de Galicia e a de Castelao.

Propuxo a creación do Día das Letras Galegas, para homenaxear ás persoas que defenderan o idioma e a cultura galega.

Escribiu moitos libros: *Danzas populares galegas*, *Historia da literatura galega*, *Galicia no espello*, *O Camiño de Santiago*, *A pesca galega de mar a mar...* e unha chea de libros máis.

Este ano 2023 a Real Academia Galega dedícalle o Día das Letras Galegas.



Francisco, á idade de un ano, con seus pais, Vicente Fernández e Amada del Riego.



Vestido cunha coroza tradicional de palla das que se utilizaban para protexerse da chuva.

BIOGRAFÍA DE FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO



TEXTO ADAPTADO

O Día das Letras Galegas 2023 dedícase a Francisco Fernández del Riego.

Francisco naceu o 7 de xaneiro de 1913 en Vilanova de Lourenzá. Vilanova de Lourenzá é un pobo de Lugo.

Os seus pais chamábanse Vicente e Amanda e tiveron 11 fillos. Francisco era o irmán máis maior.

Cando Francisco tiña 17 anos marchou coa súa familia a Madrid.

Alí estudou para ser avogado na facultade de Dereito.

Editorial:

Empresa que se dedica a facer libros.

Despois volveu a Galicia e terminou os estudos de Dereito. Foi profesor en dous colexios de Vigo e tamén traballou de avogado.

Francisco foi escritor en moitos xornais e revistas.






Fundou a Editorial Galaxia.

Fixo programas falando galego nunha emisora británica que se chama BBC.

Creou a celebración do Día das Letras Galegas
Foi presidente da Real Academia Galega.



Escribiu moitos libros: Danzas populares galegas, Galicia no espello, Historia da literatura galega, O Camiño de Santiago, A pesca galega de mar a mar, e moitos máis.




O CEGO DE PUMARDEDÓN

Francisco Fernández del Riego

TEXTO SEN ADAPTAR

As dez. Hai unha completa escuridade. Mauro dá as boas noites, pero en troques de ir ao seu cuarto, bótase fóra e métese por un paseo. escoita aos grilos entre a herba, ao seu redor. Unha pinga de chuvia, grande, quente, caille na meixela e desce cara á boca. Avanta o corpo un pouco de esguello. Xa non pode camiñar doutro xeito por mor da parede. A noite recende fortemente a piñeiros, a agullas de piñeiro, a pinas entrabertas zumegantes de resina. Cada inspiración é coma unha ferida. O vento bafexa algunhas lufadas húmidas. O xardín cheira a caravel, a roseira murcha, a follas mortas. Mauro dá uns pasos máis. Detense, porque de súpeto xa non encontra o camiño. Ao cabo pode achegarse ao pé da baranda. Séntase outra volta, e volven furar nel as lembranzas teimosas.



O CEGO DE PUMARDEDÓN, CAPITULO V



TEXTO ADAPTADO

As dez. Hai unha completa escuridade.

Mauro dá as boas noites, pero en troques de ir ao seu cuarto, bótase fóra e métese por un paseo.

Cri cri



Escoita aos grilos entre a herba, ao seu



Unha pinga de chuvia, grande, quente,

caille na meixela e desce cara á boca.

Avanta o corpo un pouco de esguello.

Xa non pode camiñar doutro xeito por mor da parede.

A noite recende fortemente a piñeiros,


a agullas de piñeiro, a pinas entrabertas zumegantes de resina.

Esguello: de xeito ladeado.

Por mor: por culpa.

Recende: Que ten un bo olor.

Zumegantes: que botan para fóra.




Cada inspiración é coma unha ferida.

O vento bafexa algunhas lufadas húmidas.



O xardín cheira a caravel, a roseira murcha, a follas mortas.



Mauro dá uns pasos máis. Detense, porque de súpeto xa non encontra o camiño.

Ao cabo pode achegarse ao pé da baranda. Séntase outra volta, e volven furar nel as lembranzas teimosas.




Audio de lectura para descargar



ACTIVIDADES PROPOSTAS

1.- **Subliña**, seguindo o código de cor, as palabras do texto que se refiren ao que percibimos por cada sentido:



2.-Organizamos 5 estacións de aprendizaxe na aula onde expoñeremos material que se percibirá polos diferentes sentidos. O alumnado dividirase en grupos de 5 e farán quendas para experimentar nas diversas estacións.

Algúns exemplos de elementos que podemos expoñer poden ser:

- Olfacto: café, perfume, limón,...
- Vista: figuras xeométricas, cores brillantes, lámpadas de lava, mesa de luz...
- Tacto: estropallo, lá, veludo, lixa, velcro, aceiro, lixa, madeira
- Gusto: laranxa, galleta, gominola, pan torrado, sal, azucre, limón...
- Oído: Música nuns cascos, axóuxeres, pau de choiva, campaiñas, buguina...

3.- Deberán recoñecer o que perciben por cada sentido, escribir o seu nome nunha folla e emparellalo cun adxectivo dunha lista que se lles dará previamente. (Anexo 1)

● **Adxectivos:** áspero, suave, brando, deformado, delicado, duro, esponxoso, fino, flexible, húmido, liso, pegañento, pesado, punzante, ríxido, rugoso, seco, sedoso, cálido, morno, fresco, frío.

● **Adxectivos:** débil, forte, metálico, musical, atronador, vibrante, rítmico.

● **Adxectivos:** claro, escuro, luminoso, amarelo, vermello, azul, verde, branco, negro, rosa, lila, grande, mediano, pequeno, cadrado, redondo, ovalado anguloso, azul, branco, circular, cuadrado, grande, minúsculo, negro, pequeno...

● **Adxectivos:** Apetitoso, insípido, doce, salgado, agre, acedo, amargo, insípido, saboroso, soso.

● **Adxectivos:** cheirento, recendente, doce, floral, noxento, intenso.

4.- Saímos fóra da aula, e sentamos no chan (na herba, na terra, nocemento...), pechamos os ollos e prestamos atención ao que percibimos polos nosos sentidos durante 5 min.

De volta na aula, plasmamos nun papel as sensacións que o noso corpo recolleu. Damos diferentes opcións para represantar as sensacións:

- Nun texto narrativo como o do **O CEGO DE PUMARDEDÓN**.

- Nun mapa conceptual con palabras e debuxos.

CASTELAO NO MEU ESPELLO

Francisco Fernández del Riego

TEXTO SEN ADAPTAR

Lembro que foi a finais do 1931 cando o coñecín. Foi na imprenta Nós, onde mo presentou Ánxel Casal. Ollei fronte a min un home longo de corpo e de pernas. Suxeríume a súa presenza a dun camiñante que chegara un algo canso. Amosaba unha luz de serán nos seus ollos grises. As gafas non esaxeraban nin desafiaban. A faciana reflectía expresiva sorriso nos labios finos. Sempre quedou na miña memoria a súa figura cívica daquela entón: a estatura, o corpo delgado, rexo, fogoral, de leve inclinarse; o traxe negro, a chalina sempre breve, o caiado. Un caiado de médico rural, de campesiño que se ía volvendo paseniñamente cego. A melancólica grandeza daquela Castelao parecíame reflectida na ollada agrisallada, nos acenos das súas mans de debuxante, no busto ergueito; acordadamente, con esperanza.

Tardei pouco tempo en falar con el de novo. Foi cando se fundou o Partido Galeguista como organización de loita no marco da Segunda República.



CASTELAO NO MEU ESPELLO



TEXTO ADAPTADO

Lembro que foi a finais do 1.931 cando o coñecín.
Foi na imprenta Nós, onde mo presentou Ánxel Casal.
Ollei fronte a min un home longo de corpo e de pernas.

Suxeríume a súa presenza
a dun camiñante que chegara un algo canso.
Amosaba unha luz de serán nos seus ollos grises.
As gafas non esaxeraban nin desafiaban.



A faciana reflectía expresiva sorriso nos labios finos.

Sempre quedou na miña memoria a súa figura cívica daquel entón:
a estatura, o corpo delgado, rexo, fogoral, de leve inclinarse;
o traxe negro, a **chalina** sempre breve, o caiado.

Un **caiado** de médico rural, de campesiño
que se ía volvendo paseniñamente cego.

Chalina: Gravata. Tira de tea que se pon arredor do colo da camisa.

A melancólica grandeza daquel Castelao parecíame reflectida na ollada agrisallada, nos acenos das súas mans de debuxante, no busto ergueito; acordadamente, con esperanza.

Caiado:
Bastón

Tardei pouco tempo en falar con el de novo.
Foi cando se fundou o Partido Galeguista como organización de loita no marco da Segunda República.

ACTIVIDADES



1. Contesta:

a) De que cor eran os ollos de Castelao?


b) Por que levaba gafas e caiado?

c) Como eran o seu corpo e as súas pernas?

d) Que roupa levaba posta?



2. Fai un debuxo de Castelao.



3. Seguindo a seguintes instrucións, escolle un compañeiro ou compañeira de clase e fai unha descrición:

DESCRICIÓN DE PERSOAS

Presentar á persoa:

- ★ Nome, idade...
- ★ É unha nena, un home, unha anciá...

Como é físicamente?

- ★ Cabelo, cor de ollos, estatura, forma do corpo...

Que leva posto?

- ★ Que roupa leva posta, cores...

Como é o seu carácter?

- ★ É amable, gracioso, intelixente, inquieto, xeneroso...

Que lle gusta?

- ★ Comida favorita, deporte favorito, pasatempo favorito...



TROBADORES E XOGRARES

Francisco Fernández del Riego

TEXTO SEN ADAPTAR

A carón da literatura escrita tivo unha grande importancia na Idade Media, a cultura oral. Os seus axentes foron os xogares. Tratábase de recitadores, cantores e músicos ambulantes que divulgaban nas feiras, castelos e cidades un repertorio musical e literario, aguilloado directamente polos ouvintes. Menéndez Pidal escribiu que xogares eran todos aqueles que ganaban a vida actuando perante un público, para recrealo coa música ou coa literatura, ou con xogos de man, de acrobatismo, de mímica.



TROVADORES E XOGRARES



TEXTO ADAPTADO

Na Idade Media tivo moita importancia a cultura oral.

Os xograres foron uns músicos, cantores e recitadores de poesía.

Os xograres eran músicos ambulantes que actuaban en feiras, castelos e cidades.

Os xograres facían tamén xogos de mans, acrobacias e mímica.




A IDADE MEDIA foi un período de tempo
Que vai dende a caída do imperio romano
Ata o descubrimento de América.
Durou máis de 1000 anos.

Prehistoria	Idade Antiga	Idade Media	Idade Moderna	Idade Contemporánea

ACTIVIDADES:

1. Esta é unha cidade da Idade Media:



Arrodea o castelo, a torre e a muralla.

2. **Contesta:**








- Como cres que se protexían estas cidades?

- Cal era o traballo dos xograres?

- En que sitios realizaban o seu traballo?



3. Observa algúns dos instrumentos dos xograres e copia o seu nome:



<p>Zanfoña</p> <hr/>	
<p>Laúde</p> <hr/>	
<p>Arpa</p> <hr/>	
<p>Pandeireta</p> <hr/>	



4. Descubre o nome oculto utilizando as claves do recadro.




NA TORRE DE HÉRCULES

Francisco Fernández del Riego

TEXTO SEN ADAPTAR

Un dos goces que nos ofrecía a cidade coruñesa era o da visita, tan reiterada, á vella torre. Na soidade, fronte á paisaxe baril, erguíase airosa perante a nosa mirada. Mesmamente nunha lingua de terra con remate na Punta do Orzán. Sorprendíanos a súa antigüidade de máis de dous mil anos. Tamén que era o único faro da época romana que se conservaba no mundo.

Enfeitizábanos o que del contaban as míticas crónicas: No seu cume había un espello máxico no que se reflectían as naos. Aquelas naos que seguían as derrotas atlánticas. O mesmo que as naos, reflectíase no máxico espello a verde illa de Erín.



A lenda, como outras que se teceron ao redor da fundación, daba ton ao imaxinativo. Compracíanos lembrar a do rei Xerión. Fraguárase na Idade Media, como eco das fábulas troianas. Hércules vencera ao rei, e, despois de morto, enterrouno. Sobre os seus restos ergueu a torre conmemorativa. De aí o seu nome.

NA TORRE DE HÉRCULES



TEXTO ADAPTADO

Un dos goces que nos ofrecía a cidade coruñesa era o da visita, tan reiterada, á vella torre.

Na soidade, fronte á paisaxe baril, erguíase airosa **perante** (diante) a nosa mirada.

Mesmamente nunha lingua de terra con remate na Punta do Orzán.

Sorprendíanos a súa antigüidade de máis de dous mil anos.

Tamén que era o único faro da época romana que se conservaba no mundo.

Enfeitizábanos o que del contaban as míticas crónicas:

No seu cume había un espello máxico no que se reflectían as naos (barcos) . Aquelas naos que seguían as derrotas atlánticas.

O mesmo que as naos, reflectíase no máxico espello a verde **illa** de **Erín** (Irlanda).

A lenda, como outras que se teceron ao redor da fundación, daba ton ao imaxinativo.

Compracíanos lembrar a do rei Xerión.


Fraguárase na Idade Media, como eco das fábulas troianas.

Hércules vencera ao rei, e, despois de morto, enterrouno.

Sobre os seus restos ergueu a torre conmemorativa. De aí o seu nome.




A **Torre de Hércules** é un faro que hai na cidade da Coruña.
Este faro foi construído polos romanos.
Hai unha lenda (conto) que conta
que o guerreiro Hércules loitou co xigante Xerión.
Hércules gañou.
Hércules enterrou a cabeza do xigante Xerión
e fixo unha torre.




A TORRE DE HÉRCULES



DE



Os romanos construíron a torre de Hércules.



=



=




A Torre de Hércules é un faro.




A CORUÑA

A Torre de Hércules está na cidade da Coruña.





Nun conto din que Hércules loitou cun xigante.




Hércules loitou e enterrou o xigante debaixo da Torre.

ACTIVIDADES:

1. Colorea



2. Escribe o número de escaleiras que faltan no seguinte cadro:



A torre de Hércules
ten **234 escaleiras**

234 escaleiras

200		202	203		205	206	207		209
210	211		213	214	215		217	218	
	221	222		224	225	226		228	229
230		232		234					


3. Escribe o nome das 4 provincias de Galicia:

Ourense

Pontevedra

A Coruña

Lugo



4. A Torre de Hércules, na Coruña, é o único faro romano en funcionamento que se conserva no mundo.

Une cada nome coa parte que lle corresponde.

Completa o nome.


LANTERNA

CÚPULA

TORRE

BALCÓN

BASE



T _ R R _ _ D _ H _ R C _ L _ S

ANEXO 1



FICHAS DE ADXECTIVOS



áspero

suave

brando

deformado

delicado

duro

esponxoso

fino

flexible

húmedo

liso

pegañento

pesado

punzante

ríxido

rugoso

seco

sedoso

cálido

morno

fresco

frío

débil

forte

metálico

musical

atronador

vibrante

rítmico

claro

luminoso

amarelo

vermello

azul

verde

branco

negro

rosa

lila

grande

mediano

pequeno

cuadrado

redondo

ovalado

anguloso

circular

minúsculo

apetitoso

insípido

doce

salgado

agre

acedo

amargo

insípido

saboroso

soso

cheirento

recendente

floral

noxento

intenso